

Val Miñor

M. Anxo Mouriño

Volvín a Vilariño.
E subín ó peñón, como facía
con aqueles amigos
nas tardes vagarentas e tranquilas
cando o tempo era neno.

(¡Aí, as pedras altivas do peñón,
barís e fachendosas!
Levántanse no medio
do val feraz e fresco do Miñor
e sábenses atalaias e poetas
dos montes e das veigas
que van desde Mañufe á Ramallosa)

Cantas veces ollei desde estas pedras
impúberes e ledas
o camiño de serpe, o tranqueleo
dos tranvías grotescos, entrañables,
fleumáticos e lentos,
a valgada feliz que chatolaban
mil casas e mil leiras,
coutada por un valo de montañas
(A Groba, O Cortelliño...)
e un mar que se espaxe polo río
ronselado das proas tallameres
da ponte milenaria.

Aquí, na sementeira,
unha cáfila enorme de xugadas
diminutas e inquedas
víanse buligar na parva terra,
na terra secular e labrantía
das parcelas ananas,
pintando en turbulenta algarabía
de pardos e de verdes,
de infinitas cuadrículas de cómaros,
un mosaico inefable de teselas,
e no medio, a sutura verdecente
do río vagaroso.

Aguiuncho de poeta,
xa non estás comigo.
Miro as herbas do val improdutivo
e procuro esquecer que disfrutabas
desde a túa magnífica atalaia
dese inútil esforzo
de parcelas ananas e de cómaros.

Título: **Neno mariñeiro**

Data e lugar de execución: **Baiona, 2001**

Características: **Técnica mista de óleo**

Observacións: Inspirado nas infancias do barrio da Laxe, Baiona, nos anos vinte do pasado século.